



Fernando Pérez Fernández, alcalde do concello de Vilasantar, na data da sinatura dixital, en presenza da secretaria de dito concello, emito o seguinte decreto:

ASUNTO: PROPOSTA DE NOMEAMENTO PROCESO SELECTIVO PERSOAL LABORAL TEMPORAL. APROL RURAL 2023.

EXPEDIENTE: 2023/G003/000246 (Decretos).

EXPEDIENTE: 2023/A008/000012 (Subvencións).

EXPEDIENTE: 2023/E001/000001 (Convocatoria Selección Persoal)

Vista a necesidade de adoptar unha resolución sobre o procedemento a que se refire este decreto en aras dos principios de eficacia e celeridade administrativa recollidos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

Visto que por resolución de alcaldía 225/2023, de 31 de Maio de 2023, aprobouse a lista definitiva de admitidos para a selección de persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 3 peóns forestais apra a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”

Vista a acta asinada polo tribunal encargado da selección o día 01/06/2023, do proceso de selección persoal laboral temporal e bolsa de traballo para a contratación de 3 peóns forestais apra a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través das axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) e procede a súa convocatoria para o ano 2023.

De acordo coas atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril reguladora das Bases do Réxime Local, e na aplicación do art.10 da Lei 40/2015 de 1 de outubro do réxime xurídico do sector público. **Resolvo:**

PRIMEIRO.- Avocar a competencia unicamente para resolver os asuntos a que se refire este Decreto, que tiña sido delegada por Decreto de Alcaldía número 80/2019, de data 21 de xuño de 2019, na Xunta de Goberno Local.

SEGUNDO.- Propoñer a formalización do contrato laboral temporal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través das axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural), dos seguintes candidatos:



DNI	Nome e apelidos	Cualificación final proceso
531668**M	David Ventureira Suárez	10
765168**R	José Corral López	9,76
765168**P	Manuel Lamas Castro	9,59

TERCEIRO.- Realizar unha bolsa de traballo para persoal laboral temporal para a realización de “Tarefas de limpeza de montes, Planificación Preventiva e Xestión da Biomasa”, financiado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, a través das axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural), cos seguintes candidatos :

DNI	Nome e apelidos	Cualificación final proceso
090411**R	Heliodora de Jesús das Neves Pires	8,00
353138**E	Jose Manuel Marquez Marino	7,04

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ós servizos municipais responsables da súa tramitación.

QUINTO.- Informar ao Pleno da corporación da presente resolución, de conformidade co establecido no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro.

Mándao e asíno a súa señoría O Alcalde, e ordena darlle traslado ó departamento correspondente para a súa incorporación ó expediente do que eu Secretaria - Interventora, María Chao Carballeira, dou fe.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE.